



Concello Do Carballiño

BASES E CONVOCATORIA CONCURSO DE CAMISETAS PARA A LXII FESTA DO PULPO

O Concello do Carballiño, co obxectivo de seguir incentivando a participación da mocidade na Festa do Pulpo, establecen as normas que rexerán a participación no Concurso de Camisetas da Festa do Pulpo, a celebrar o 10 de agosto de 2024, e as bases reguladoras para a concesión dos premios por participar no mesmo.

1. Obxecto do concurso

- O presente concurso ten como finalidade seleccionar o deseño dunha camiseta con motivo da Festa do Pulpo 2024 e así seguir incentivando a participación da mocidade na Festa do Pulpo.
- O deseño pode estar creado en base a debuxos, imaxes, tipografías, palabras, frases, números ou calquera outro elemento gráfico, e poderá ser impreso sobre unha camiseta de calquera cor, na súa parte dianteira ou traseira ou en ambas.
- O estilo do deseño é libre, pero cunha temática que identifique a dedicación da Festa do Pulpo 2024 ("O Ribeiro").

2. Beneficiarios

- A participación está aberta a tódolos colectivos (asociacións xuvenís, culturais, veciñais, etc.; grupos, pandillas, colexios...) que o desexen, sen límite de idade sempre que o responsable da agrupación sexa maior de idade.
- Cada peña so poderá participar cun deseño.

3. Crédito orzamentario e premios

- O importe total asignado no Orzamento Municipal a esta finalidade ascende a 6.000 € con cargo á aplicación Orzamentaria 334.11.480.00 TRANSFERENCIAS CORRENTES do 2024.
- Establécense os seguintes premios:
 - 1º premio: 300 €
 - 2º premio: 200 €
 - 3º premio: 100 €
- O resto de camisetas que cumpran os requisitos das bases expostas recibirán unha compensación por importe de 60 euros cada unha.
- No caso de que se esgote o crédito debido ao número de inscricións, quedarán sen á compensación de 60 euros as que realizaran a súa inscrición máis tarde.
- Calquera dos premios poderanse declarar deserto se o xurado o considera oportuno.





Concello Do Carballiño

- Aos premios aplicaráselle as retencións correspondentes segundo a lexislación vixente.

4. Obrigas dos beneficiarios

- Fotografarse no “*photocall*” colocado na Praza Maior a tal efecto cun mínimo de 10 membros, e deberán facelo de 17:00 h a 20:00 h.
- Participar no desfile ás 20:00 horas o día 10 de agosto un mínimo de 10 membros e todos deberán levar postas a camisetas.
- No deseño das camisetas non deberá figurar contido difamatorio, inxurioso, obsceno, ameazador, xenófobo, que incite a violencia, sexa discriminatorio ou que de calquera maneira atente contra a moral, orde público, honor, intimidade ou imaxe de terceiros.
- Os deseños deberán ser orixinas e inéditos, sendo responsable o autor de que así sea, e que non se infrinxiron os dereitos de autor doutras persoas.
- Cada agrupación farase responsable dos seus actos e deberán obedecer as instrucións que se lle indiquen dende a organización, Policía Local e Protección Civil durante todo o percorrido do desfile
- As persoas participantes autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello do Carballiño coa finalidade de estatística. O interesado poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2008, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais mediante correo electrónico a oixcultura@carballino.gal ou por correo ordinario á Concellería de Cultura (Praza Maior, 1. C.P. 32500 O Carballiño).
- Cada camiseta terá un deseño inédito co cal non participara nin participará noutros concursos, polo que este premio será incompatible con calquera outro para o mesmo traballo.
- No caso das peñas que non presentaran camiseta ou non emitiran o voto non poderán optar a ningún premio nin á compensación de 60 euros.

5. Prazo e presentación de solicitudes e documentación

As inscricións deberanse recoller no Departamento de Cultura do Concello, e presentarse no rexistro municipal dende o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP, trala comunicación efectuada para o efecto na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e ata o día 7 de agosto de 2024 en horario de oficina (de 9 a 14 horas). Para calquera consulta poderán chamar ao teléfono 988 530007, (extensión 329) ou 662 198 615.





Concello Do Carballiño

Xunto coa inscrición deberá presentar a seguinte documentación inescusablemente.

Entidade legalmente constituída:

- Solicitud de inscripción
- Fotocopia do CIF
- Fotocopia do DNI do representante legal da asociación
- Certificación bancaria do núm. de conta (deberá coincidir cos datos da solicitude)
- Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración de que o deseño é inédito e non participou nin participará noutros concursos.
- Declaración de non estar incurso nas prohibicións do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Camiseta.

Entidade NON constituída legalmente: enténdese como tal aquela agrupación de persoas que carecen de personalidade xurídica e que non obtivesen o correspondente CIF en Facenda. As actuacións con estas agrupacións faranse coa persoa que se designe como representante ou solicitante e que será a que asuma a totalidade das responsabilidades fiscais e ante o Concello pola participación nesta convocatoria.

- Solicitud de inscripción
- Fotocopia do DNI da persoa que actúa como representante/solicitante.
- Certificación bancaria do núm. de conta da persoa representante/solicitante da agrupación.
- Relación de persoas que integran a agrupación con nome e apelidos e DNI de todas elas.
- Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración de que o deseño é inédito e non participou nin participará noutros concursos.
- Declaración de non estar incurso nas prohibicións do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Camiseta.

O departamento de Turismo xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local tanto as legalmente constituídas como os representantes das restantes agrupacións.





Concello Do Carballiño

Se por calquera motivo alleo a organización, algún participante non puidera entregar coa documentación a camiseta, o prazo para a súa entrega non excederá do 9 de agosto de 2024 ás 13:30 h. Neste caso, de non ter a inscrición realizada debidamente no prazo sinalado 07/08/24, non se admitirá a participación no concurso.

6. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

A instrución do procedemento corresponderalle a os servizos administrativos da Concellería de Turismo.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada, e remitirá ao xurado as camisetas dos participantes cuxa documentación estea correcta e fora presentada en prazo para a súa valoración e posterior emisión da correspondente acta.

7. Xurado

- O xurado estará formado por un representante maior de idade de cada peña, presidido polo concelleiro de Turismo e actuará como secretario a persoa designada para o efecto do departamento de Turismo, emitindo o seu voto portando o DNI en horario de 17:00 h a 20:00 h do día 10 de agosto de 2024 nas dependencias do Concello. O xurado valorará tanto o deseño coma o lema que figure impreso nas camisetas.
- En caso de empate na puntuación final de dúas ou máis agrupacións terase en conta o criterio do número de compoñentes.
- Dita decisión será inapelable e farase pública coa lectura da acta ao remate do desfile das peñas o día 10 de agosto de 2024.
- No momento das votacións farase entrega de agasallos.

8. Criterios de valoración

- A selección das camisetas gañadoras farase en base a estética e lema/mensaxe que os deseños transmitan.
- En caso de empate na puntuación final de dúas ou máis peñas terase en conta o criterio do número de compoñentes.

9. Resolución de concesión

A decisión do xurado elevarase ao órgano competente para aprobalo. O órgano competente poderá rexeitar aqueles premiados que non cumpran coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O prazo para ditar resolución será de 15 días, a partir da data do concurso. E publicarase no taboleiro de anuncios do concello, así como na páxina web www.carballino.gal.





Concello Do Carballiño

10. Xustificación e pagamento

Unha vez ditada resolución polo órgano competente a procederáse ao pagamento vía transferencia bancaria ao núm. de conta proporcionado polos representantes das peñas participantes. O acto de resolución pon fin á vía administrativa. De acordo co disposto nos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra esta resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o órgano administrativo superior, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da notificación.

11. Exposición das camisetas

As camisetas representantes de cada peña serán expostas na Praza Maior o día 10 de agosto de 2024 a partir das 17:00 horas. Unha vez finalizada a exposición e despois de facer público los premios das camisetas na Praza Maior, os representantes de cada peña poderán retiralas.

12. Responsabilidade de danos

O Concello do Carballiño non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, así mesmos ou a terceiros, ocasionen os participantes.

13. Aceptación das bases

A participación neste concurso leva implícita a aceptación destas bases.

14. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións ateranse ao disposto no Capítulo IX da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño (BOP nº 49, de 2 de marzo de 2005).

Disposición final

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á presente convocatoria e aos premios que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público.





Concello Do Carballiño

Cod. Validación: 9XNDA2CC27M4FXGMGLXRK47K
Corrección: <https://carballino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8





Concello Do Carballiño

INSCRIPCIÓN CONCURSO PEÑAS CAMISETAS FESTA DO PULPO 2024

Nome do responsable:	
DNI / CIF:	
Nome da peña:	
Enderezo:	
Teléfono de contacto:	
E-mail:	

Documentación que se achega:

- Copia DNI do representante da peña.
- Certificación bancaria do número de conta (cuxo/a titular deberá coincidir co responsable/solicitante)

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- A persoa que arriba figura non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións contempladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (Lei 38/2003, de 17 de novembro), facendo constar expresamente que se encontra ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- O deseño é orixinal e inédito e foi creado co propósito específico de participar no concurso de deseño de camisetas Festa do Pulpo 2024
- Lin e acepto os termos e condicións especificadas nas bases do concurso.

No Carballiño, a _____ de _____ 2024

Sinatura

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmaselle de que os seus datos persoais van ser incorporados a ficheiros automatizados cuxa finalidade é o tratamento para a xestión da súa relación coas actividades culturais do Concello do Carballiño. En nome da institución tratamos a información que nos facilita co fin de prestarlles o servizo cultural. Os datos proporcionados conservaranse mentres se manteña a relación con esta institución ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Os datos non se cederán a terceiros salvo nos caos en que exista unha obriga legal. Se desexan exercer o dereito de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisión individualizadas, dirixan un escrito a CONCELLO DO CARBALLIÑO, Praza Maior, 1. C.P. 32500 - O Carballiño

CONCELLO DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño





Concello Do Carballiño

RELACIÓN DE PERSOAS QUE INTEGRAN A AGRUPACIÓN (deberán figurar mínimo 10 persoas)

	NOME E APELIDOS	DNI
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		
16		
17		
18		
19		
20		

A tales efectos, asumo toda a responsabilidade que se derive da participación das persoas menores de idade nesta actividade.

O Carballiño, _____ de _____ de 2024

Sinatura do responsable

